

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE XULIO CAMBA
CURSO: 1º A 6º EP
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1º PRIMARIA	
Comprende o esencial das mensaxes e instrucións do docente referidos á actividade habitual da aula.	Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.
Comprende as preguntas do docente sobre os seus datos básicos, o seu corpo, obxectos, mascotas e animais, a súa familia e en xeral sobre os temas traballados na aula.	Utiliza palabras básicas e frases moi sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.
Localiza palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas ou nos libros da clase.	Recoñece palabras sinxelas, presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese.
Copia palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente.	Escribe palabras básicas a partir de modelos e cunha finalidade específica.
Elabora carteis, ou outro tipo de mensaxes escritos, moi sinxelos cun modelo.	Escribe frases moi sinxelas a partir de modelos e cunha finalidade específica.
2º PRIMARIA	
Comprende o esencial das mensaxes e instrucións do docente referidos á actividade habitual da aula.	Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.
Comprende as preguntas do docente sobre datos básicos, o seu corpo, obxectos, mascotas e animais, a súa familia e en xeral sobre os temas traballados na aula.	Utiliza palabras e frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese
Localiza palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas ou nos libros da clase.	Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese
Copia palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente	Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica
Elabora carteis, ou outro tipo de mensaxes escritos, moi sinxelos cun modelo	Escribe frases sinxelas a partir de modelos e cunha finalidade específica

Escribe textos sinxelos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula.	Escribe palabras, frases e sentenzas coñecidas desde modelos e para unha finalidade específica.
3º PRIMARIA	
Comprende o esencial das mensaxes e instrucións do docente referidos á actividade habitual da aula.	Valora a lingua estranxeira como instrumento de comunicación con outras persoas.
Comprende as preguntas do docente sobre os seus datos básicos, o seu corpo, obxectos, mascotas e animais, a súa familia e en xeral sobre os temas traballados na aula.	Utiliza palabras e frases, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese
Utiliza palabras e frases sinxelas, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese	Le palabras presentadas previamente de forma oral sobre temas familiares e de interese
Copia palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente	Escribe palabras a partir de modelos e cunha finalidade específica
Elabora carteis, ou outro tipo de mensaxes escritos, moi sinxelos cun modelo	Escribe frases a partir de modelos e cunha finalidade específica
Escribe textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula	Escribe palabras, frases e sentenzas coñecidas desde modelos e para unha finalidade específica.
Le de forma comprensiva textos diversos, relacionados coas súas experiencias e intereses	Le e identifica palabras e frases anteriormente presentados oralmente sobre temas familiares e interese.
Comprende información esencial e localiza información específica nun texto	Busca e recompila información sobre temas coñecidos en diferentes soportes.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	
Comprende o sentido global do texto.	4º-PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da
Recoñece palabras e expresións coñecidas.	4º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.
Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo.	4º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
Escribe textos sinxelos seguindo un modelo e relacionados co tema.	4º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).
Escribe correspondencia sinxela, seguindo un modelo.	4º-PLEB4.6 - Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.
Produce textos sinxelos seguindo un modelo.	Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.
Amosa interese por usar o inglés en situacións sinxelas con corrección.	4º-PLEB4.10 - Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica
Pregunta e responde comprensivamente sobre permiso, acordo, preferencia e desexo seguindo un modelo.	4º-PLEB5.7 - Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.
Diferencia preguntas e respostas simples.	4º-PLEB5.9 - Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información..
Comprende e usa vocabulario do tema a tratar tanto de forma oral como escrita seguindo un modelo.	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente

5º EDUCACIÓN PRIMARIA

Comprende información básica en textos xa traballados na clase .	5º-PLEB3.1 - Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
Comprende a idea principal dun texto sinxelo procedente de distintas fontes.	5º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
Emprega algunhas competencias básicas para a comprensión lectora.	5º-PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.
Amosa interese pola corrección ortográfica básica	5º-PLEB3.9 - Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos
Elabora textos sinxelos seguindo un modelo.	5º-PLEB4.1 - Elabora textos sinxelos seguindo un modelo.
Escribe textos sinxelos propios de situacións de relación interpersoal seguindo un modelo.	5º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema
Presenta os seus escritos con caligrafía clara e limpa.	5º-PLEB4.9 - Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.
Utiliza de forma ortograficamente correcta a lingua inglesa en situacións sinxelas variadas.	5º-PLEB4.10 - Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.
Identifica en textos simples as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación.	5º-PLEB5.5 - Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación.
Expresa e identifica actividades variadas de rutina, lecer.	5º-PLEB5.6 - Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...
Describe o seu aspecto físico e o de outros, seguindo un modelo.	5º-PLEB5.8 - Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións de si mesmo/a e doutra persoa.
Estructura adecuadamente as oracións, utilizando nexos básicos seguindo un modelo.	5º-PLEB5.11 - Estructura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Comprende información básica en notas, letreiros, carteis.	6º-PLEB3.1 - Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios
Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas sinxelos, sobre temas cotiás	6º-PLEB3.4 - Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).
Comprende o esencial de historias breves e identifica os personaxes, utilizando imaxes.	6º-PLEB3.5 - Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).
Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicas.	6º-PLEB3.6 - Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?).
Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais.	6º-PLEB4.1 - Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: revisión das cualificacións do alumno no primeiro e segundo trimestre. Ademais valorarase a realización das tarefas semanais de reforzo e de recuperación.</p>
	<p>Instrumentos de 1º a 3º EP: A correcta realización das fichas de repaso e reforzo que lle son enviadas ao alumnado. Para o alumnado que non superou as dúas avaliacións anteriores valorarase a realización dunha proba final.</p> <p>Instrumentos de 4º a 6º EP: Fichas impresas sobre os contidos de reforzo/repaso deste período, traballo online na plataforma Blinklearning (Oxford), fotos das tarefas, vídeos explicativos, mensaxes dende a plataforma online, chamadas telefónicas para axudar ao alumnado. Para alumnado cos anteriores trimestres suspensos valorarase a realización dunha proba final.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso de 1º a 6º EP:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1ª avaliación: computará un 40% do total da cualificación final do curso. - 2ª avaliación: computará un 40% do total da cualificación final do curso. - 3ª avaliación: valoración da realización das actividades de repaso/reforzo durante o período non presencial cun 20% do total da cualificación final do curso. <p>Valorarase que sexan entregadas actividades propostas de TODAS as semanas (salvo causas de forza maior), e que haxa un esforzo por parte de cada alumno/a no desempeño das tarefas, acorde coas súas capacidades e coa situación que se está a vivir.</p> <p>De ser o caso tamén se terá en conta as probas de recuperación realizadas.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Estánselle a enviar aos alumnos, tarefas de reforzo e de repaso dos contidos que se traballaron no 1º e no 2º trimestre. Para aqueles alumnos que teñen a materia suspensa nalgún destes trimestres estánselle a enviar a maiores tarefas de recuperación.</p> <p>A organización destas tarefas e do número de actividades está relacionado co número de sesións semanais que os alumnos teñen da materia.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para o alumnado de 1º a 3º EP cada semana, súbense as tarefas á aula virtual. Cada curso ten o seu espazo, para que as familias poidan acceder e descargar as tarefas do seu fillo/a. Para aquelas familias que non dispoñen de recursos informáticos, o centro facilítalles as fichas impresas. Unha vez que o alumnado remata as súas tarefas semanais, débenas enviar para a súa corrección a través de correo electrónico, foto por aplicación do teléfono móbil, etc.</p> <p>A finalidade é que haxa un “feedback” entre mestre e alumno, e poder facer un seguimento das tarefas que o alumno realiza.</p> <p>O alumnado de 4º a 6º EP con acceso a internet realiza as actividades de inglés no libro dixital. O alumnado sen acceso a internet descarga e fai as fichas asignadas. Todas as semanas se lles recomenda entrar na aula virtual en: xogos, cancións... en inglés para traballar a parte oral de listening e speaking. As familias que dispoñen de impresora poden imprimir as fichas pero non é imprescindible, xa que poden facelas na libreta, sen necesidade de recurrir á impresión.</p> <p>O alumnado ten toda a semana para realizar as tarefas e ao rematar debe facelas chegar á mestra polo medio estipulado: correo electrónico, foto por whatsapp. Na aplicación Blinklearning, onde traballan cos libros que utilizan na aula pero de forma dixital, a mestra corrixe directamente unha vez rematada a actividade e o alumnado recibe inmediatamente a cualificación así como a corrección da mesma. No apartado de mensaxes da aplicación, o alumnado e a mestra poden solucionar as dúbidas que poidan xurdir. A finalidade é que haxa un feedback entre alumnado-profesorado e poder facer un seguimento da evolución de todo o alumnado.</p> <p>As familias poden poñerse en contacto co titor/a ou directamente coa mestra ante calquera dúbida ou problema.</p>
Materiais e recursos	<p>1º a 3º EP: Fichas impresas de reforzo e repaso dos contidos que se traballaron nos trimestres pasados. Actividades online (vídeos, cancións, etc).</p> <p>Fichas coas correccións oportunas (respostas correctas) cando é preciso.</p> <p>4º a 6º EP: Fichas impresas de repaso de contidos, actividades dos libros dixitais de Oxford, recursos da Aula Virtual (xogos, vídeos, cancións, proxectos).</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Abalarmóbil. Correo electrónico. Teléfono. Aplicación Blinklearning. Web e aula virtual.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.